



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcía Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Costas González, Xosé Henrique  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa  
Alonso Carrera, Jaime  
Araújo Nespereira, Pedro A.  
Arias Sánchez, Pedro  
Barreiro Alonso, Enrique  
Cabeza Pereiro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Fontán, Soledad  
Gutiérrez Nieto, Manuel  
Pou Saracho, Juan María  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vila Alonso, Mercedes

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Barreiro Rodríguez, Rocío  
Sánchez Gálvez, Estevo  
Silveira Valledor, Manuel

### PAS:

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 24 de maio de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O xoves día **24 de maio de 2012**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de abril de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Posicionamento do Consello de Goberno sobre o *Real decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo*.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de promoción ao corpo de catedráticos de universidade do ano 2012.
5. Aprobación, se procede, de solicitude de profesorado emérito.
6. Aprobación, se procede, da adaptación de memorias de títulos de máster ao Decreto 861/2010.
7. Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento para a adaptación, no curso 2013/14, dos estudos de doutoramento ao Real decreto 99/2011 e ao Decreto autonómico 222/2011.
8. Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 2013/14.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento mutuo de estudos ao abeiro de programas de intercambio.
11. Aprobación, se procede, da proposta de Regulamento do uso dos estacionamentos do Campus de Ourense.
12. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 13.3, parágrafo 3º da Normativa de xestión académica.
13. Aprobación, se procede, da proposta da Escola de Enxeñaría Industrial da concesión do premio extraordinario de fin de carreira do curso 2010/2011 a D. Carmelo Zugazagoitia Rodríguez.

14. Toma en consideración, se procede, dos recursos de alzada presentados por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, contra os diferentes acordos da Comisión Permanente e da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias sobre a aprobación de validacións de materias relativas ao curso 2011/2012.
15. Toma en consideración, se procede, do recurso potestativo de reposición presentado por D. Gonzalo Astray Dopazo, contra o acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Privada Antenor Orrego de Perú (UPAO) e a Universidade de Vigo.
17. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de abril de 2012.

No punto 3 da acta incluíuse a puntualización realizada polo Prof. José Bienvenido Diez Ferrer, relativa a que a solicitude de que o luns de Pascua sexa festivo se fai a proposta do sindicato CIG.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para informar das cuestións máis destacadas dende a celebración do último Consello de Goberno. Comeza por dar conta da decisión adoptada polos reitores na última reunión da Conferencia de Reitores das universidades españolas (CRUE), que tivo lugar o 23 de maio, relativa ao acordo tomado de non asistir á sesión do Consejo de Universidades prevista para a tarde do mesmo día. A razón é que entre os asuntos previstos a abordar polo Ministerio non se atopaba o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, cuxo contido os reitores solicitaron que se incluíse como punto na orde do día. Sinala, que desde o inicio da lexislatura non se reuniu o Consejo de Universidades, sendo a primeira convocatoria a do pasado 23 de maio. O reitor informa que esta demora incumpre o Regulamento de funcionamento interno do Consejo de Universidades, que obriga a reunir ao órgano colexiado cada tres meses. O reitor relatou como a CRUE, reunida en asemblea xeral o pasado 4 de maio en Murcia, decidiu solicitar, con data 7 de maio, a convocatoria dun Consejo de Universidades extraordinario, cun único punto na orde do día: analizar e debater o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, ante a enorme preocupación que a aplicación do mesmo produce nas universidades. Esta solicitude foi subscrita por 59 dos reitores asistentes a devandita reunión, xa que anteriormente foi solicitada pola presidenta da CRUE e non foi atendida. O reitor di que, sorprendentemente, con data de 21 de maio convocouse aos reitores a un Consejo de Universidades ordinario, no que non figuraba na orde do día o punto central da súa solicitude e no cal se incorporara, en cambio, varios asuntos de trámite. Que, así mesmo, omitírase o punto de Rogos e Preguntas, entendendo que se pretendía evitar a reflexión e o debate. Aínda así, a CRUE, tratando novamente de buscar solucións para iniciar o diálogo que tanto vén solicitando, transmitiu ao Ministro de Educación a súa vontade de asistir ao Consejo de Universidades, previsto para o día 23 de maio, a condición de que manifestase o seu compromiso de convocar o solicitado Consejo de Universidades extraordinario

para tratar o Real decreto-lei 14/2012. Os intentos de comunicación non tiveron éxito. Ante o rexeitamento do diálogo e o incumprimento do Regulamento do Consejo de Universidades, os reitores consideraron que se trataba dunha falta de atención a toda a comunidade universitaria -aos seus estudantes, aos seus profesores e ao seu persoal de administración e servizos- e, por este motivo, acordaron adoptar unha postura de firmeza decidindo non asistir á sesión do Consejo do día 23 de maio, nun intento de defender a legalidade universitaria e para que sexa tida en consideración a opinión da comunidade universitaria. O reitor incidiu en que son os reitores os que teñen a lexitimidade da comunidade universitaria, formada por 1.800.000 persoas que están afectadas por este decreto, e que se está a facer política universitaria na súa contra. O reitor aclarou que ninguén lle está a dicir ao Goberno que non governe, pero si que nos escoite.

Continua o reitor dicindo que a posición que adopta a CRUE, con respecto á aplicación do Real decreto-lei, é traballar na racionalización da normativa de desenvolvemento para que o seu impacto sexa o menor posible. Que a normativa de aplicación será acollida por imperativo legal e a condición de que a Universidade poida aplicala, porque nestes momentos a maioría das Universidades non saben como facelo. Sinala que, en orde á súa aplicación, fundamentalmente ábrese unha serie de interrogantes. Cita como exemplos, a forma en que se debe calcular a dedicación docente do profesorado, que no Real decreto-lei vén establecida en base ao cómputo ECTS (que é unha medida que mide o esforzo do alumno), e no que se refire ao incremento de prezos públicos, para aproximar gradualmente a súa contía aos custos de prestación de servizos non dispomos dunha ferramenta como é a contabilidade analítica para determinar o prezo público da matrícula.

O reitor sinala que, inmediatamente de ter noticia da publicación do Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, con data de 22 de abril enviáronselle á Consellaría un documento con numerosas dúbidas, cuestións e suxestións, que foron transmitidas dende a Consellaría ata o Ministerio; polo momento descoñécese a influencia que pode ter o documento nas decisións de futuro que adopte o Ministerio.

En relación coa aplicación do Real decreto-lei, no caso concreto da Universidade de Vigo, o reitor asegurou que non se adoptarán as medidas en materia de incremento de taxas e dedicación docente do profesorado que contempla mentres non haxa unha normativa de aplicación. Respecto de normativa, di que pode ser publicada en dous ou tres semanas; que se intentará pedir unha moratoria para que non afecte á planificación docente do curso académico 2012/2013, posto que a execución do Real decreto-lei afectará simultaneamente a normativa interna. O reitor tamén lembrou a proposta das universidades galegas á Consellaría de Educación para conxelar ou incrementar o mínimo posible as taxas.

Continua o reitor dando lectura ao comunicado da CRUE (**Anexo I**) e sinala que foi adoptado por unha ampla maioría de reitores das universidades públicas e privadas

Continua o reitor informando sobre a presentación do Campus de Auga. Di que a finalidade é dotar de personalidade propia e identidade científica ao Campus de Ourense, a través da creación dun proxecto con capacidade de visibilización exterior e de creación de valor económico e social que ten como base a temática da auga. O reitor destaca que o pasado 11 de maio presentou nun acto público o Plan Estratégico desta iniciativa á comunidade universitaria e a institucións. Informa, que o presidente da Comisión Científica do Campus da Auga é o docente D. Santiago Lago Penas, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo.

Para rematar, o reitor informa sobre os convenios asinados cos colexios de avogados de Ourense, Pontevedra e Vigo para desenvolver o Máster da Avogacía nos tres campus.

**Punto 3.** Posicionamento do Consello de Goberno sobre o *Real decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo*.

O reitor di que, independentemente da convalidación do Real decreto-lei polo Congreso, o Consello de Goberno debería pedir a súa derogación, para ese efecto solicita o referendo unánime dos membros do Consello de Goberno dun texto no que se manifesta o rexeitamento da comunidade universitaria ás medidas adoptadas no Real decreto-lei. O reitor comeza a dar lectura ao texto do comunicado.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez, en representación do alumnado, para demandar unha maior contundencia na redacción do comunicado en contra do Real decreto-lei, que considera “está a demoler á universidade pública”, e demandou a inclusión na redacción do texto a petición da dimisión do ministro de Educación. Tamén propón dúas modificacións de estilo: que se inclúa expresamente “a esixencia da retirada do Real decreto-lei” e no punto 1 que se substitúa o termo “transformación do modelo universitario” por “destrución”.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para manifestar a súa preocupación pola actitude do Goberno e para realizar unha defensa do labor do persoal docente e investigador. Solicita unha convocatoria extraordinaria da mesa do PDI para que se poña de manifesto e cuantifique o traballo diario que está a facer o profesorado e o seu esforzo e colaboración coa implatación do proceso de Bolonia.

Intervén o Sr. Federico Fernández para felicitar pola proposta do comunicado, xa que, na súa opinión, a publicación do Real decreto-lei afecta a un ensino público de calidade.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que, en representación de Nova Universidade, expresa o apoio ao comunicado de rexeitamento ao Real decreto-lei.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para solicitar que no punto 3 do comunicado se inclúa unha mención expresa que poña en valor o traballo e esforzo realizado polo persoal docente investigador e a súa dedicación ás actividades docentes, de investigación, xestión e transferencia de coñecemento.

Intervén o reitor para manifestar ao Sr. Estevo Sánchez que a súa proposta, de incluír no texto unha referencia de petición de dimisión do ministro, podería obstaculizar que o comunicado se adoptara por unanimidade dos membros do Consello de Goberno, pois cabe a posibilidade de que non exista consenso sobre este aspecto. O Sr. Estevo Sánchez accede a retirar esa referencia expresa.

Intevén o Sr. Federico Fernández para dicir que no Real decreto-lei se adoptan medidas que ata o momento tiñan transferidas as CC.AA. e, doutra banda, que se dita nun contexto de

aforro e diminución dos cadros de persoal, pero que o seu contido está en contra das normativas e esixencias de calidade que impón o proceso Bolonia. Suxire que se traballe por esa vía.

Apróbase por unanimidade emitir o comunicado recollido no **Anexo II**.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da convocatoria de promoción ao corpo de catedráticos de universidade do ano 2012.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza a súa exposición lembrando que no Consello de Goberno de 14 de novembro de 2011 foi aprobada a normativa pola que se fixan os criterios e procedementos para a promoción ao corpo de catedráticos de universidade. Nesta normativa contéplase unha convocatoria anual de promoción e establécese que, en función das dispoñibilidades orzamentaria, o Consello de Goberno aprobará cada ano un número de novas prazas de catedrático de universidade na correspondente convocatoria. A vicerreitora anuncia que se pretende pór en marcha unha convocatoria de 21 prazas de corpo de catedrático de universidade. A continuación explica brevemente os criterios de priorización de áreas e solicitantes. Por último, sinala que o prazo de presentación será dende o 28 de maio ata o 11 de xuño de 2012.

Apróbase por asentimento a convocatoria de promoción a corpo de catedráticos de universidades do ano 2012 contemplada no **Anexo III**.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, de solicitude de profesorado emérito.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón a petición feita polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía, acordada na súa sesión de 9 de febreiro de 2012, de propoñer o nomeamento como profesora emérita da Universidade de Vigo de Dna. M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero. A vicerreitora expón que pola súa traxectoria académica cumpre sobradamente os requisitos establecidos para o nomeamento de profesores eméritos, polo que solicita a aprobación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da adaptación de memorias de títulos de máster ao Decreto 861/2010.

O reitor dá a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón que é preciso modificar a memoria de varios títulos de máster para a súa adaptación ao establecido no Decreto 861/2010. Os másteres son os seguintes:

- Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos.
- Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente.

- Máster Interuniversitario en Física Aplicada.
- Máster Universitario en Nutrición.
- Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento para a adaptación, no curso 2013/14, dos estudos de doutoramento ao Real decreto 99/2011 e ao Decreto autonómico 222/2011.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza dicindo que coa entrada en vigor do Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan os estudos oficiais de doutoramento e do Decreto 222/2011, de 2 de decembro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, se abre un novo marco normativo na adaptación do Espazo Europeo de Educación Superior e se inicia unha etapa de reorganización xeral dos estudos de posgrao (máster e doutoramento).

Continua dicindo que no Decreto estatal se define o doutoramento como o terceiro grao dos estudos universitarios, diferenciando do máster, e se indica que todos os programas de doutoramento xa verificados deben estar adaptados ao Decreto antes do inicio do curso 2013/2014. Respecto ao Decreto autonómico de titulacións, establece novos procedementos e mecanismos de solicitude de titulacións e fixa o 14 de novembro de 2012 como data límite para a presentación de propostas.

A vicerreitora sinala que os obxectivos que se pretenden acadar neste proceso de adaptación da oferta dos estudos de doutoramento son, entre outros, deseñar programas susceptibles de cumprir a curto e medio prazo os requisitos da mención de calidade/excelencia; potenciar o agrupamento temático ou interdisciplinar; fomentar a internacionalización na formación de doutores, así como a participación doutros organismos, centros ou entidades con actividades de I+D no desenvolvemento dos programas. Sinala, que o calendario co procedemento de autorización e os trámites no seo da Universidade de Vigo están recollidos nunha táboa anexa á normativa.

Continua expondo os aspectos máis novos que deben cumprir as novas propostas do programa do doutoramento. Refírese expresamente á comisión académica e aos requisitos para ser coordinador do programa. Sinala, que a memoria de verificación do programa de doutoramento recollerá a relación de actividades formativas, con indicación expresa daquelas que son de carácter obrigatorio para todo o alumnado. No caso de que o alumno careza de toda formación previa esixida no programa, a admisión quedará condicionada á superación dun máximo de 15 ECTS de complementos específicos de formación.

Sobre os requisitos relativos ao conxunto de investigadores que participan no programa, di que pode conformarse con un ou varios equipos de investigación. Expón os requisitos específicos por cada equipo de investigación e os esixidos para o total de investigadores.

Indica que o apoio ao programa farase cunha bolsa de recoñecemento en POD e que se utilizarán parámetros como o número de teses defendidas e os resultados obtidos nas convocatorias de mención de excelencia. Ademais, di que se manterá o apoio económico aos programas de doutoramento en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar se para formar parte da comisión académica é preciso ter un sexenio e de cantos programas de doutoramento pode formar un investigador.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que, en liñas xerais, está de acordo coa proposta de normativa, pero opina que a súa implantación terá un gran impacto na Universidade de Vigo, e que haberá ámbitos nos que será difícil a súa plena aplicación, polo que fai o rogo de que se adopte unha acción positiva de apoio á formación de programas.

Responde o reitor dicindo que acepta o rogo e que, desde logo, se promoverán estratexias de apoio.

Intervén o Prof. Pedro Arias para preguntar polo ratio de teses dirixidas por investigadores.

Responde a vicerreitora que non se pide un ratio de teses/investigador, senón un número total na proposta, con publicacións de calidade derivadas das mesmas.

Intervén o Prof. Juan Pou para preguntar polas taxas correspondentes aos créditos ECTS de complementos de formación.

Responde a vicerreitora que o decreto de prezos públicos está sen publicar. Se os complementos son de grao ou máster, serán as taxas que correspondan para cada tipo de estudos. Se se trata de créditos ECTS a cursar dentro do programa, todavía están por determinar.

Apróbase por asentimento a normativa recollida no **Anexo IV**.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 2013/14.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza dicindo que pola entrada en vigor do Decreto 222/2011, de 2 de decembro, polo que se regulan os ensinos universitarios oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, se inicia unha etapa de reorganización dos estudos de posgrao. A partir do curso 2013/204 o máster débese entender como o segundo ciclo de estudos universitarios, e constitúe un requisito para acceder aos estudos de doutoramento, desaparecendo a distinción entre máster profesionalizante e de investigación. O decreto autonómico fixa novos requisitos para solicitar a autorización de novas titulacións ou modificacións das xa existentes, fixa como

data límite de presentación de propostas, o 14 de novembro de 2012, e establece un número mínimo de 20 estudantes de novo ingreso en calquera máster.

A vicerreitora di que a proposta de normativa que se presenta, ten como obxectivo fixar o proceso de reorganización da oferta de títulos de máster na Universidade de Vigo para a súa implantación no curso 2013/2014. Di que a primeira fase do proceso se desenvolverá durante o ano 2012 e se centrará na reorganización dos actuais másteres de investigación, pois máis da metade dos implantados na Universidade de Vigo non cumpren co decreto autonómico no relativo ao número de estudantes. A vicerreitora sinala que, de acordo co decreto, debe planificarse adecuadamente a conexión entre grao e máster, e indica os requisitos recollidos na normativa. Expón a estrutura que deben reunir as propostas de programas de máster derivadas da reorganización dos másteres de investigación.

Explica os aspectos relacionados co encargo docente, dicindo que as titulacións resultantes da reorganización da oferta de másteres de investigación xerarán un PDA (horas de encargo) e computarán en POD; di que a normativa que regule a elaboración de PDA e POD dos másteres se aprobará cando corresponda.

Continua dicindo que non se admitirán propostas de másteres ex-novo para a súa implantación no curso 2013/2014, salvo en situacións excepcionais (que serán aprobadas en Consello de Goberno), como os ligados a profesións reguladas, os interuniversitarios de carácter internacional e interese extratético e os másteres Erasmus-Mundus.

Intervén o Prof. Armando Caballero para dicir que coa nova normativa haberá unha insuficiencia de másteres de investigación, que vai en contra da calidade.

Intervén o reitor dicindo que lle parece razoable a súa preocupación e que se deben arbitrar ofertas para dar posibilidades a todos os graduados.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para opinar que hai certo abandono no mapa de titulacións; que na normativa que se propón non ve mecanismos correctores para que iso deixe de ser así. Na súa proposta está transitar cara ao cómputo xeral en POD. Anuncia que o seu grupo se opón á normativa proposta.

Intervén a vicerreitora para responder que houbo polo menos 6 sesións informativas cos directores para recoller suxestións. Sinala, que o proceso de reorganización ten que pasar por diferentes etapas e sinala e explica as diferentes etapas.

Intervén o reitor para dicir que foi ao Consello Galego de Universidades cunha proposta de planificación, ligada ao deseño dun mapa de titulacións do sistema de másteres no SUG, defendendo unha coherencia entre os graos e a súa consecuencia natural que é o máster. Di que é preciso ter un debate global.

Intervén o Sr. Bienvenido Diez para dicir que se teña en conta a docencia en POD, tanto de grao como de máster, e que se acabe a dobre contabilidade dos másteres.

Intervén o Prof. Pablo Grande para pedir unha aclaración sobre o punto 4 da normativa sobre as titulacións existentes e o número máximo de prazos.



Procedese á votación:

Votos a favor: 28

Votos en contra: 4

Abstencións: 3

Apróbase por maioría a normativa recollida no **Anexo V**.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen comeza a súa intervención dicindo que, unha vez publicado o R.D. 1707/2011, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, se facía necesario establecer un marco normativo para adecuar o desenvolvemento das prácticas externas na nosa universidade ás esixencias de dito R.D. O vicerreitor di que no anterior Consello de Goberno xa se aprobou un convenio tipo adaptado, e agora presentamos para a súa consideración este Regulamento, cuxo borrador coñecen todos os membros deste Consello.

Tamén di que, ademais da necesidade de adaptarse aos requisitos do R.D. neste momento hai moitos centros nos cales, no próximo curso, se porán en marcha por primeira vez prácticas académicas externas destinadas ao seu alumnado, co que este Regulamento faise aínda máis necesario.

O vicerreitor di que non quere entrar en demasiados detalles sobre o documento, pero si quere sinalar que foi elaborado procurando que puidera servir para circunstancias moi diversas que, non que se refire ás prácticas externas, se dan nos distintos centros e titulacións. Sinala, que hai diversidade no tipo e duración das prácticas, na experiencia que o propio centro ten na súa xestión, no tipo de entidades externas nas que se realizan, no número de estudantes que acceden a elas, etc. Por todo isto, o vicerreitor explica que a proposta de normativa que se presenta deixa aos propios centros a regulamentación detallada, dando un marco xenérico que se fundamenta no citado R.D.

Subliña que na liña de flexibilización quere propoñer unha modificación sobre o borrador que se proporcionou coa documentación para este Consello de Goberno.

Concretamente o punto 3 do artigo 3 di que:

*“Para realizar as prácticas externas curriculares o/a alumno/a debe estar matriculado/a na materia vinculada segundo o plan de estudos de que se trate, cumprir os requisitos que neste se establezan e, non caso de titulacións de grao, ter superados polo menos 120 créditos da titulación incluídos os correspondentes á totalidade da formación básica”.*

Explica, que a primeira parte deste punto recolle literalmente unha esixencia do R.D. 1707/2011, lóxica por outra parte. Que a segunda parte, establece a esixencia de ter superados 120 créditos, incluída a formación básica, é unha lectura moi rigorosa do R.D. 1393/2007 cando establece que as prácticas externas deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudos. Sinala que, de feito, no borrador se incluía unha disposición transitoria que aprazaba esta esixencia ata o curso 2013/14.

O vicerreitor propón a supresión desa esixencia, entendendo que, por unha parte, xa hai plans de estudos que marcan unha serie de materias que hai que superar para acceder á realización de prácticas externas e que, aínda que ten a súa lóxica académica e institucional, no senso de que o alumnado da universidade que realiza unha actividade nunha entidade externa teña un mínimo de cualificación, deben de ser os plans de estudos os que establezan requisitos para cursar unha ou outra materia, e que, en todo caso, con carácter xeral deben ser a Normativa de Progreso e Permanencia e as normas de matriculación as que ordenen o desenvolvemento dos estudos nunha secuencia progresiva de adquisición de competencias e coñecementos. Neste sentido, propón a supresión da segunda parte do punto 3 do artigo 3, que quedaría redactado da seguinte forma:

*“Para realizar as prácticas externas curriculares o/a alumno/a debe estar matriculado/a na materia vinculada segundo o plan de estudos de que se trate e cumprir os requisitos que neste se establezan”.*

E polo tanto, eliminaríase a disposición transitoria segunda que fai referencia á parte suprimida.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar se se poden facer prácticas en servizos da Universidade.

Responde o reitor que esa posibilidade está contemplada na normativa e que se fará un catálogo de servizos.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para opinar que debería existir unha información unificada dos convenios e tamén se interesa sobre o recoñecemento ao profesorado.

Responde o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade dicindo que para ese efecto se creará unha base de datos; que para as prácticas externas extracurriculares a normativa contempla no art. 5 a elaboración dun procedemento específico. Sobre o recoñecemento aos títolos académicos, di que está contemplada na normativa de recoñecemento do profesorado.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar polos criterios para acceder ás prácticas.

Responde o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade que corresponde establecelos no regulamento interno elaborado polo centro.

Intervén o Prof. Juan Pou para dicir que o art. 3.4 establece que durante o período de prácticas non se poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade colaboradora, e

sinala que actualmente hai contratos en prácticas que levan aparelados un complemento económico.

Responde o vicerreitor que é unha esixencia do RD e que o complemento económico de existir terá o carácter dunha bolsa.

Intervén a Prof<sup>ª</sup>. Mercedes Suárez Pazos para dicir que o artigo 4.2 reserva á xunta de centro a competencia de regulación das prácticas externas e a aprobación dos regulamentos que precise, e sinala que sería preferible que a competencia recaera alternativamente na xunta de centro ou de titulación.

A Prof<sup>ª</sup> Elisa Alén pregunta se se poden realizar prácticas en agosto.

Responde o vicerreitor que o art. 3.2 esixe que debe estar matriculado na ensinanza á que se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que adquiriran na súa realización.

Intervén o Prof. Pedro Araújo para preguntar como encaixa na nova normativa o recoñecemento da experiencia profesional.

Responde o vicerreitor que non ten que haber ningún impedimento para que o recoñecemento da experiencia profesional contemple o de as prácticas externas

Apróbase por asentimento o Regulamento de prácticas externas do alumnado da Universidade de Vigo recollida no **Anexo VI**.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento mutuo de estudos ao abeiro de programas de intercambio.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais, quen comeza a súa intervención expoñendo a proposta de Normativa de recoñecemento mutuo de estudos ao abeiro de programas de intercambio. Subliña, que o obxectivo fundamental de dita normativa é facilitar e promover o desenvolvemento de titulacións dobres entre a Universidade de Vigo e os seus parceiros internacionais. Con elo preténdese, na opinión do vicerreitor, darlle un valor engadido ás titulacións da Universidade de Vigo, mellorar a empregabilidade dos egresados, superar as barreiras do recoñecemento e a homologación de títulos e, en definitiva, contribuír á internacionalización da Universidade de Vigo. Recorda tamén que o desenvolvemento de titulacións dobres e titulacións conxuntas é unha das iniciativas recollidas no Plan Estratégico 2008/2012 da Universidade de Vigo.

O vicerreitor di que a normativa que se presenta pretende garantir as máximas garantías académicas e a trazabilidade do proceso, así como os dereitos e deberes dos estudantes participantes nestes programas.

O vicerreitor expón que os programas de dobre titulación basearanse nun acordo específico entre as institucións, onde se recollerán, entre outros aspectos, os requisitos académicos previos, as titulacións participantes no programa, as condicións para o recoñecemento recíproco dos estudos, as persoas responsables dos aspectos académicos do

programa e de coordinación coa universidade socia, o número de estudantes participantes ou mesmo a duración do convenio de dobre titulación.

Expón, que a participación nos programas de dobre titulación estará soportada polos programas de mobilidade xa existentes. O estudiantado deberá superar un mínimo de 60 ECTS en cada Universidade para estudos de grao e 30 ECTS para os estudos de máster e, en calquera caso, deberá superar na Universidade de Vigo o traballo fin de grao/máster, tal como indica o art. 6.2 do RD 1393/2007.

Apróbase por asentemento a normativa recollida no **Anexo VII**.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, da proposta de Regulamento do uso dos estacionamentos do Campus de Ourense.

O reitor cede a palabra á vicerreitora do Campus de Ourense, quen expón a proposta de regulamento do uso dos estacionamentos do Campus de Ourense. Di que foi informada favorablemente polo Consello de Campus de Ourense na sesión ordinaria celebrada o 25 de abril. Tamén resaltou que a adopción dun regulamento ven dada pola necesidade de dar resposta eficaz á demanda de aparcadoiros da comunidade universitaria do Campus de Ourense.

Apróbase por asentimento a normativa recollida no **Anexo VIII**.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da modificación do artigo 13.3, parágrafo 3º da Normativa de xestión académica.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que a finalidade da sinatura do secretario/a nas actas de cualificación de exames é garantir que a persoa que as cumprimentou é a persoa responsable da materia de acordo co P.O.D., e que a sinatura é a do profesor correspondente.

Expón, que neste curso académico casi o 80% dos centros terán acceso á sinatura dixital das actas. A sinatura electrónica supón unha acreditación e un proceso de control da persoa que a utiliza, garantindo ante a administración a súa identidade. Por iso, para impulsar en maior medida a implantación deste novo sistema, simplificar o procedemento e aforrar custos, parece necesario nestes momentos suprimir a sinatura do secretario do centro nas actas que se asinan electrónicamente, a tal efecto é preciso modificar o artigo 13.3 parágrafo 3 da Normativa de xestión académica, incluíndo ao final do parágrafo que as actas serán tamén asinadas e seladas polo secretario/a do centro na derradeira folla de cada grupo de actas, separadas por convocatorias, agás as actas asinadas electrónicamente que non precisarán deste requisito.

Polo que a redacción actual do artigo 13.3, parágrafo 3º:

“As actas serán asinadas en tódalas follas de que consten polo profesor/a ou profesores/as que, consonte ó plano de organización docente, teñan a responsabilidade expresa da docencia da disciplina de que se trate. A derradeira folla recollerá coa sinatura dos profesores/as candansúa identidade. No caso de incidencias

que impedisen a sinatura do/s profesor/es será asinada polo director/a do departamento correspondente. As actas serán tamén asinadas e seladas polo secretario/a do centro na derradeira folla de cada grupo de actas separadas por convocatorias”.

Debe quedar substituída pola seguinte redacción:

“As actas serán asinadas en tódalas follas de que consten polo profesor/a ou profesores/as que, consonte ó plano de organización docente, teñan a responsabilidade expresa da docencia da disciplina de que se trate. A derradeira folla recollerá coa sinatura dos profesores/as candansúa identidade. No caso de incidencias que impedisen a sinatura do/s profesor/es será asinada polo director/a do departamento correspondente. As actas serán tamén asinadas e seladas polo secretario/a do centro na derradeira folla de cada grupo de actas separadas por convocatorias, salvo as actas asinadas electrónicamente que non precisarán deste requisito.”

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Aprobación, se procede, da proposta da Escola de Enxeñaría Industrial da concesión do premio extraordinario de fin de carreira do curso 2010/2011 a D. Carmelo Zugazagoitia Rodríguez.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que o día 26 de xaneiro de 2012 o Consello de Goberno, a proposta do tribunal constituído para a concesión do premio extraordinario de fin de carreira da Escola de Enxeñaría Industrial do curso 2010/2011, outorgou dito premio a D. Víctor Manuel Blanco Pintos.

Continua expoñendo que, con posterioridade, o tribunal da Escola de Enxeñaría se reuniu de novo o día 22 de marzo para modificar a proposta inicial da concesión do premio extraordinario a D. Víctor Manuel Blanco Picos. Na acta do tribunal expónse que o erro foi consecuencia do erro na plataforma Xescampus, a cal incluía na listaxe de premios o nome do alumno D. Víctor Manuel Blanco Picos. Este alumno non debía figurar na listaxe, xa que non tiña rematado o seu traballo fin de carreira e, en consecuencia, rematada a titulación de Enxeñeiro en Organización Industrial polo que lle foi concedido o premio.

Polo tanto, o día 23 de marzo de 2012 a dirección da Escola remitiu a acta do tribunal no que se propón por unanimidade retirar a proposta de premio extraordinario fin de carreira para o curso 2010-2011 na titulación de Enxeñeiro en Organización Industrial ao alumno D. Víctor Manuel Blanco Pintos e propoñer no seu lugar para este premio o alumnos seguinte D. Carmelo Zugazagoitia Rodríguez.

A secretaria xeral quere deixar constancia que o alumno D. Víctor Manuel Blanco Pintos, para facilitar o proceso de concesión, tuvo a amabilidade de renunciar o premio extraordinario de fin de carreira do curso 2010/2011, polo que se propón que se outorgue a D. Carmelo Zugazagoitia Rodríguez.

Apróbase por asentimento a concesión do premio extraordinario de fin de carreira da Escola de Enxeñaría Industrial do curso 2010/2011 a D. Carmelo Zugazagoitia Rodríguez.

**Punto 14.** Toma en consideración, se procede, dos recursos de alzada presentados por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, contra os diferentes acordos da Comisión Permanente e da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias sobre a aprobación de validacións de materias relativas ao curso 2011/2012.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen expón que se trata de tomar varios acordos, pois son diversos os recursos presentados, pero que por referirse ao mesmo recorrente, o Prof. Claudio Cerdeiriña, foron agrupados nun punto único:

*1) Recursos de alzada contra o acordo da Comisión Permanente de data 24 de novembro de 2011 no que se ratificaba o acordo da Xunta de Facultade sobre os tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e de Fin de Carreira e contra o acordo da Xunta de Facultade de 21 de decembro de 2011 no que se ratificaba o acordo da Comisión Permanente de Tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e de Fin de Carreira do curso 2011/2012.*

O recorrente invoca, como motivo do recurso, a infracción do artigo 13 da Normativa de xestión académica e tamén cuestiona a competencia da Comisión Permanente para designar os tribunais, pois, de acordo co mesmo artigo, corresponde á Xunta de Facultade.

Seguidamente a secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica, que aconsella rexeitar o recurso en base a dous motivos:

- a) Que o recurso de alzada interposto en data 17 de febreiro, contra o acordo da Xunta de Facultade do 21 de decembro, non cumpre os prazos de interposición requiridos pola Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, que é dun mes, polo que a interposición do recurso fóra de prazo impón de por si a inadmisión do recurso por extemporáneo.
- b) Pola doutrina sentada pola sentenza de data de 21 de setembro de 2011 do Xulgado do contencioso administrativo, ditada a instancia do recorrente contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias, polo que se aprobaba o Tribunal de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e de Fin de Carreira da referida Facultade. Segundo dita sentenza, resulta axeitada a dereito a inadmisibilidade do recurso por falta de lexitimación.

Tal como recolle a citada sentenza de 21 de setembro de 2011, non existe unha relación específica co fondo do asunto que cualifique ao recorrente como lexitimado.

A sentenza literalmente di que: “En este caso no cabe apreciar que el acto recurrido afecte a un derecho subjetivo ni a un interés legítimo al referirse a una acto de evaluación académica en que los afectados son directamente los profesores afectados por la composición del tribunal y los alumnos que realicen los exámenes que van a ser evaluados.” O recorrente non xustifica en que medida a súa esfera xurídica se ve afectada polo mencionado acordo, e explicitamente sinala na súa demanda que o interese é defender a legalidade e defensa da normativa académica no relativo a composición de tribunais.

Por todo o exposto, propónse a inadmisión do recurso presentado. E de seguido dáse conta dos seguintes recursos.

2) Dous recursos de alzada (con contido idéntico) presentados contra os acordos da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias de Ourense, de data de 18 de novembro de 2011 e de 31 de xaneiro de 2012, pola aprobación de validacións de materias no presente curso académico 2011/2012.

A secretaria xeral di que o recorrente alega, como motivo dos recursos, que ditos acordos vulneran o artigo 8 da Normativa de Xestión Académica da Universidade de Vigo, do mesmo xeito que anos anteriores, por ser a Comisión de Validacións da Facultade a que ten competencia para resolver as validacións de estudos.

Seguidamente a secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica, que cuestiona a lexitude do recorrente para interpoñer o recurso fronte os acordos do órgano Colexiado. O informe xurídico, en relación con este asunto, sinala que é preciso citar novamente a sentenza núm. 249, de data de 21 de setembro de 2011, do Xulgado do contencioso administrativo que desestimou outro recurso interposto por D. Claudio Cerdeiriña, no que foi parte a Universidade de Vigo. Dita sentenza alega a ausencia dun concreto dereito subxectivo ou interese lexítimo como a causa de inadmisión, xa que a xurisprudencia ven interpretando que non basta un mero interese no cumprimento da legalidade.

A secretaria xeral di que hai que ter en conta que concorren as mesmas circunstancias que cando se ditou a mencionada sentenza, xa que o recorrente non ostenta a condición de interesado, dado que o acto recorrido non afecta á súa esfera xurídica, senón que os interesados son os estudantes solicitantes da validación, e tamén hai que ter en conta que tampouco xustifica en que medida lle afecta, senón que especificamente sinala no recurso que o acordo impugnado vulnera a Normativa de xestión académica da Universidade de Vigo, polo cal se trata dun mero interese no cumprimento da legalidade.

Por todo o exposto, solicítase a desestimación dos recursos de alzada contra ambos acordos da Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Ciencias de Ourense.

Intervén o Prof. Pedro Araújo para manifestar que a desestimación dos recursos debería ser por motivos de fondo e non por cuestións de forma; quere que conste na acta a súa abstención.

Apróbase acordar a desestimación de todos os recursos presentados polo Prof. Claudio Cerdeiriña coa abstención do Prof. Pedro Araújo.

**Punto 15.** Toma en consideración, se procede, do recurso potestativo de reposición presentado por D. Gonzalo Astray Dopazo, contra o acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen comeza por expoñer que D. Gonzalo Astray presentou un escrito de recurso potestativo de reposición con data de entrada 9 de marzo

de 2012, contra o acordo do Consello de Goberno extraordinario de 26 de xaneiro de 2012, polo que se acorda non aceptar a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao de concesión de premios extraordinarios de doutoramento do ano académico 2010/2011.

A secretaria xeral dá conta dos antecedentes de feito:

1º. Por Resolución Reitoral do 28 de xullo de 2011, publícase a convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas no curso académico 2010-2011.

2º. Con data de 14 de outubro, noméase o tribunal encargado de elaborar a proposta de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento no ámbito científico.

3º. Constitución do tribunal, que acorda publicar na acta de 25 de outubro os criterios de valoración para a concesión dos premios.

4º. Acta de 12 de decembro de 2011 acorda, unha vez examinada a documentación e valoración dos méritos achegados polos candidatos, o tribunal acorda por unanimidade facer a proposta de adxudicación do premio extraordinario de doutoramento a D. Gonzalo Astray Dopazo.

5º. A Comisión de Estudos de Posgrao, na súa reunión de 19 de decembro de 2011 no punto 7 do orde do día, acorda ratificar os premios propostos no ámbito científico; acorda elevar a proposta por ámbito e remitir ao órgano competente a copia das actas elaboradas polos distintos tribunais.

6º. O Consello de Goberno extraordinario, na súa sesión do 26 de xaneiro de 2012, acorda por 16 votos a favor, 4 votos en contra e ningunha abstención non conceder o premio extraordinario de doutoramento no ámbito científico a D. Gonzalo Astray en base as consideracións que constan na acta do citado Consello de goberno:

De seguido a secretaria xeral dá conta dos motivos do recurso, e di que son varios os motivos impugnatorios que aparecen no escrito de formalización da pretensión de invalidez xurídica da actuación do Consello de Goberno, no seu acordo de 26 de xaneiro de 2012.

Informa que dos motivos impugnatorios, dous teñen unha caracterización procedimental, mentres que os dous últimos contan cun substrato material, dirixido a cuestionar os criterios que conduciron a que se lle retirase o mencionado premio:

1. Notificación dende a Secretaría Xeral comunicando a concesión do premio. Respecto a este motivo, di que o correo electrónico é un acto de trámite sen consecuencias xurídicas; ten por finalidade organizar a cerimonia e invitación á celebración do acto para entrega das distincións.

2. Defectos na convocatoria do órgano: o recorrente di que se trata dunha convocatoria ad hoc do Consello de Goberno extraordinario, co propósito de retirar o premio ao recorrente. A secretaria xeral di que o Consello de Goberno foi convocado respetando o disposto no regulamento; que foi convocado o día 20 para a súa celebración o día 26 cun punto único na orde do día “Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.”



3. Non motivación da retirada do premio conforme ao art. 54 da LPA, apartándose da proposta do tribunal calificador.

4. Discrecionalidade, arbitrariedade e ausencia de razoabilidade do proceder adoptado.

A secretaría xeral comeza por dar conta da normativa de aplicación:

Art. 39 dos Estatutos da Universidade de Vigo: corresponde ao Consello de Goberno a concesión de premios nas condicións e circunstancias que regulamentariamente se determine.

Art. 133 dos Estatutos da Universidade: o Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao, pode outorgar anualmente premios extraordinarios entre os doutores que conseguiron no curso pasado a máxima cualificación posible.

Art. 21 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao da Universidade de Vigo.

Resolución reitoral de 28 de xuño de 2011, pola que se resolve publicar a convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas no curso académico 2010/2011.

Acordo da Comisión de Estudos de Posgrao, sobre regras de actuación dos tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas no curso 2010/2011.

A secretaría xeral continua expoñendo os fundamentos de dereito e di que, de acordo co informe de asesoría xurídica:

1. Todas estas normas dispoñen que a competencia para a concesión dos premios extraordinarios de doutoramento son unha competencia exclusiva do Consello de Goberno.

2. Á súa vez, a normativa da convocatoria aclara a función do xurado; nada dispón na normativa que a proposta do xurado sexa vinculante. Se a convocatoria non dota á proposta do xurado de carácter vinculante, ou se a normativa non atribúe ao xurado directamente a concesión dun premio (como é o caso), nada impide ao órgano competente apartarse da proposta se o pode xustificar en función do disposto no art. 54 da lei de procedemento, debendo quedar en todo caso no procedemento os fundamentos da resolución a adoptar.

3. Precisamente, o segundo motivo do recurso baséase na falta de motivación do acordo combatido, alegando o recorrente que por toda motivación para retirar o premio se sinala textualmente polo reitor: “O Reitor di que vistos os termos no que se expresa o informe da Comisión de Investigación.”.

A secretaría xeral di que, a este respecto, parece descoñecer o recorrente o que dispón o art. 89.5 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece: “*La motivación de informes o dictámenes servirá de motivación a la resolución cuando se incorporen al texto de la misma*”. A este tenor cita como exemplo da xurisprudencia as sentenzas do Tribunal Supremo de 24 de febreiro de 1978; 15 de novembro de 1984; 10 de febreiro de 1997 e 4 de abril de 1997 que consagran este

principio “*ha de entenderse cumplido el requisito de la motivación cuando se aceptan informes, dictámenes o memorias, como ocurre en caso de autos.*”. A secretaria xeral di que folga calquera tipo de comentario ó respecto, pois o propio recorrente admite que a motivación é o informe da Comisión de Investigación.

4. Según consta no informe xurídico tamén se debe rexeitar a pretensión do recorrente de separar a valoración que fai a Comisión de Investigación, sobre a súa participación nas dúas publicacións rexeitadas polo Editor Xefe da *Revista Journal of Chemical and Engineering Data*, ao tratar de manter que, en absoluto, os dous artigos cuestionados se tiveron en conta no momento de valorar os seus méritos, para iso apóiase na valoración do Presidente da propia Comisión de Investigación, que consta no anexo III do expediente.

A secretaria xeral di que o recorrente esquecese da literalidade do informe da Comisión de Investigación: “*Non obstante, a Comisión estima que os feitos acaecidos constitúen unha evidente mala práctica investigadora, acumulándose sucesivos erros e negligencias totalmente impropios de investigadores de calidade. Trátase dun proceder reprobable en se mesmo, e que repercute moi negativamente na imaxe da nosa institución, danando gravemente a súa reputación e a de todos os investigadores que a compoñen, e dificultando polo tanto o progreso e posicionamento desta no contexto nacional e internacional*”. E que a mesma Comisión no seguinte parágrafo mantén que a “*Comisión estima que todos eles , como asinantes dos artigos, foron partícipes da mala práctica e negligencia ....*”.

A secretaria xeral continua dicindo que, así as cousas, non debemos esquecer que o premio extraordinario de doutoramento é un premio á excelencia investigadora, e que o criterio principal de valoración é o que corresponde a méritos de investigación (65 puntos dun máximo de 100, criterio aprobado polo tribunal o 25/10/2011). O que fixo, pois, o Consello de Goberno no exercicio da súa exclusiva competencia, foi o non concederlle o premio ao agora recorrente en base ao informe da Comisión de Investigación.

En consecuencia, o administrado coñece perfectamente o fundamento, as circunstancias ou motivos do acto de non aceptación da proposta; que non está na natureza dos baremos de puntuación contemplar deméritos; e, se o acordo do Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012 se aparta da proposta da Comisión de Posgrao, faino porque pode ter en conta outros feitos obxectivos e extraordinarios, como son os que motivaron a denuncia por parte dos membros do Consello de Goberno na súa sesión de 29 de marzo de 2011, e que motivaron a investigación por parte da Comisión de Investigación, delegada do mesmo órgano, sendo este un feito excepcional que vai en contra da deontoloxía mínima universitaria.

Do antedito, a secretaria xeral di que polos motivos expostos se debe rexeitar o recurso potestativo de reposición interposto por D.Gonzalo Astray Dopazo.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intevén o Prof. Armando Caballero para dicir que, por coherencia co votado no Consello de Goberno extraordinario do 26 de xaneiro, se abstén; que naquel Consello de Goberno se adxuntou un escrito no seu momento, no que se di que non houbo actitude punitiva; que os feitos non desmerecían o resto da produción científica.

Intervén o Prof. Pedro Araújo para preguntar por que non se adxuntou o escrito de recurso co resto da documentación do Consello de Goberno.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que admiten a argumentación xurídica, e que como se trata dun recurso potestativo reposición ten aspectos de legalidade e de oportunidade; que non entra nunha defensa pechada do recorrente, pero que por motivos de coherencia se abstén neste punto.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar por que non se achegou o recurso coa documentación do Consello de Goberno; que, aínda que persoalmente coñecía o contido pois tivera acceso á documentación, considera que non houbo información suficiente; insiste nos argumentos do Prof. Armando Caballero.

A secretaria xeral di que, facendo uso do disposto no Regulamento de rexime interno do Consello de Goberno, a documentación completa do recurso estivo no mesmo prazo que a restante documentación na Secretaría Xeral da Universidade para ser consultada, e así se fixo constar expresamente co envío en formato electrónico da convocatoria.

Procédese á votación:

Votos a favor da desestimación do recurso: 24.

Votos en contra da desestimación do recurso: 2 (desexan que conste en acta o sentido de seu voto o Prof. Enrique Barreiro e o Prof. Pedro Araújo).

Abstencións: 4.

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto por D. Gonzalo Astray Dopazo, contra o acordo do Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Privada Antenor Orrego de Perú (UPAO) e a Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 17.** Rogos e preguntas.


Intervén o Sr. Estevo Sánchez en representación do alumnado, para pedir que no calendario académico, no momento de fixar os períodos de avaliación, se respete o disposto no artigo 25. do Estatuto do Estudante; que non se convoquen sesións de órganos colexiados en períodos de exames e, en particular, que as probas de carácter global de distintas materias do mesmo curso respeten o prazo de 24 horas.

Intervén o Sr. Federico Fernández para facer un rogo de que se inicien as conversas necesarias para reparar o vial do Alto de San Cosme, que está nun estado lamentable.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, para dicir que a CIG solicita que se negocie na Mesa de Negociación de PDI da Universidade de Vigo o baremo de produción científica do próximo curso. Que a CIG fai esta solicitude porque no Consello de Goberno de finais de xullo de 2011, pediu que se tivese en conta a clasificación CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas) para a baremación da produción científica da Universidade de Vigo. Esta petición fíxose por mor de que moitas revistas de humanidades e de ciencias sociais aparecían relegadas á categoría B (5 puntos), a pesar de seren revistas que figuran indexadas en ERIH e en SCOPUS. Manifesta, que a Reitoría non tivo en conta o curso pasado a proposta da CIG, alegando que a proposta chegara moi tarde, a solicitude da CIG este curso non chega tarde e, ademais, faise para mellorar a baremación do ano pasado. Pon como exemplo, as revistas de Ciencias Sociais, de Humanidades e doutros ámbitos que están indexadas en SCOPUS e ERIH deben figurar na categoría A; na categoría A4 (12 puntos) deben figurar as revistas do 1º cuartel de INRESH para non discriminar a estas revistas con respecto ás que ocupan o 1º cuartel de INRECS e INRECIJ.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 24 de maio de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Reitor.

O Reitor  
  
Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral  
  
M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez